

## Unidade 04. Contacontos

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Coñecemento da lingua

#### 1. Rodea os substantivos que aparecen no seguinte texto e clasifícaos na táboa.

Lucas lembrou entón cando empezara a guerra para el. Empezara unha tarde de domingo varios anos atrás. Paseaban polas rúas cruzando canais e vendo escaparates. Aínda que chovera, o sol asomaba timidamente naquela tarde de primavera serodia, e moitas familias ruaban coma eles. Pronto chegaría o verán e aquelas escapadas á praia que tanto lle gustaban, ou irían á casa da avoa. Os meses prometían diversión. A vida enteira prometía diversión. O verán prometía.

**Xavier Estévez**  
***A rapaza da fiestra***  
**Tambre**

**Substantivos:** Lucas, guerra, tarde, domingo, anos, rúas, canais, escaparates, sol, tarde, primavera, familias, verán, escapadas, praia, casa, avoa, meses, diversión, vida, diversión, verán.

Masculino		Feminino	
Singular	Plural	Singular	Plural
Lucas, domingo, sol, verán, verán	anos, canais, escaparates, meses	guerra, tarde, tarde, primavera, praia, casa, avoa, diversión, vida, diversión	rúas, familias, escapadas

## Unidade 04. Contacontos

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Coñecemento da lingua

#### 2. As seguintes palabras son simples ou compostas?

Lavalouzas → (composta)

Pasapuré → (composta)

Crebacabezas → (composta)

Coche → (simple)

Semana → (simple)

Caderno → (simple)

Queixo → (simple)

Crebanoces → (composta)

Todo → (simple)

Afialapis → (composta)

Marcapáxinas → (composta)

Papaventos → (composta)

Actividade → (simple)

Parasol → (composta)

#### 3. Localiza na seguinte lista as palabras esdrúxulas e ponlles o acento gráfico onde sexa preciso.

Palido **pálido**

Comoda **cómoda**

Corredor

Suave

Musico **músico**

Matematicas **matemáticas**

Idolo **ídolo**

Cientifico **científico**

Chicharos **chícharos**

Biologo **biólogo**

Bosque

Simbolo **símbolo**

Tunica **túnica**

Fabrica **fábrica**

Paxina **páxina**

Chocolate

Camelia

Fisica **física**

Petalo **pétalo**

Escoceses

## Unidade 04. Contacontos

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Expresión escrita

4. Completa a seguinte ficha co teu libro favorito. **Resposta libre.**

<b>TÍTULO:</b>		
<b>AUTOR:</b>		
<b>Editorial:</b>	<b>Ano de publicación:</b>	<b>N.º de</b>
<b>páxinas:</b>		
<b>ISBN:</b>	<b>Tema:</b>	<b>Estilo</b>
<b>Literario:</b>		

**Argumento:**

**Opinión:**

